

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN LAXEIRO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Laxeiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Fundación Laxeiro para a realización de actividades culturais.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrencia pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características por todo o que representa Laxeiro na identidade da arte galega do século XX, un dos artistas máis grandes e integradores; é a Fundación coa realización das actividades a que divulga e pon en valor a obra do artista.*

*Por todo o anterior é a Fundación Laxeiro a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.*



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

